

Contidos:

O sistema de liga (minitenis e aqueles grupos con menos de 8 inscritos)

- A *composición dos grupos* publicárase o 12 de xuño.
- Os *partidos e a puntuación*, os partidos en minitenis terán unha duración de 10 minutos que poderá ser prorrogada en función da inscrición final. Nos demais grupos os partidos disputaranse a 9 xogos (con tie break a 7 puntos en caso de empate a 8 xogos) agás no grupo de 7-8 anos que disputarase a 6 xogos (con tie break a 7 puntos en caso de empate a 6 xogos)
- Cada partido gañado sumará 2 puntos para a clasificación xeral, en caso de empate decidírase pola diferenza de xogos. Os resultados e a clasificación xeral publicaranse na aplicación da Área Deportiva da USC (tamén poderase acceder a eles a través da súa páxina web) e no taboleiro de anuncios das pistas.

O sistema de eliminatorias

- O *calendario* definitivo e a *composición dos grupos* aparecerán publicados o 12 de xuño.
- Os *partidos* disputaranse a 9 xogos (con tie break a 7 puntos en caso de empate a 8 xogos) agás no grupo de 7-8 anos que disputarase a 6 xogos (con tie break a 7 puntos en caso de empate a 6 xogos)
- As *finais* disputaranse o domingo 15 de xuño. Os horarios de referencia publicaranse o sábado a partir das 21 h na aplicación da Área Deportiva da USC (tamén poderase acceder a eles a través da súa páxina web) e no taboleiro de anuncios das pistas.
- Os *resultados e a clasificación xeral* publicaranse na aplicación da Área Deportiva da USC (tamén poderase acceder a eles a través da súa páxina web) e no taboleiro de anuncios das pistas.

A Área Deportiva da USC resérvase o dereito de facer calquera modificación para o bo funcionamento da competición.